

Cal é o impacto das artes de pesca perdidas ou abandonadas?

- ▶ **Medio ambiente:** Os leitos mariños están contaminados e a biodiversidade diminúe
- ▶ **Benestar dos animais:** pesca fantasma, contaminación química
- ▶ **Saúde humana:** toxicidade na cadea alimentaria
- ▶ **Economía:** perda de ingresos para o sector da pesca, perdas para o sector da navegación, menos turismo.

Que pode facer o sector pesqueiro?

- ▶ Adoptar unhas **boas prácticas** de manexo das artes de pesca, ferramentas e equipos que emprega para que non acaben perdidos ou abandonados no mar.
- ▶ **Responsabilizarse no manexo de residuos en terra e no mar:** portos, lonxas, embarcacións, marisqueo na praia.
- ▶ Empregar e demandar **materiais máis sostibles.**



A Confraría de Pescadores de Vigo conscientes da problemática dos residuos no mar, iniciamos **accións de recollida de lixo mariño.**

O MAR OFRÉCE NOS VIDA, NON LLE DEVOLVAMOS LIXO



Imaxe cedida por Manuel E. Garcí

Proxecto colectivo para a protección e recuperación da biodiversidade dos ecosistemas mariños no marco de actividades económicas sustentables mediante a recollida de residuos mariños




Unión Europea
Fondo Europeo
Marítimo e da Pesca
(FEMP)



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR

Proxecto cofinanciado nun 75% polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP)

Coa colaboración de



Confraría de Pescadores de Vigo

MAR LIMPO MAR VIVO

Proxecto de recollida de lixo mariño



8 millóns de toneladas ao ano!!!


Ao ano vértense máis de 8 millóns de toneladas de lixo ao océano, equivalente ao peso de **320.000 camións** a carga máxima.

Do total do lixo mariño que chega aos océanos, arredor dun **90% son plásticos**.


○ **80%** do lixo mariño é de **orixe terrestre**.

○ **20%** do lixo mariño ten como **orixe os propios océanos**: actividades recreativas, acuicultura, cruceiros, pesca comercial e deportiva.


Composición de macrolixo



Orixe do lixo mariño



Demarcación noratlántica



Fonte: Informes sobre basuras mariñas nas praias españolas 2013-2017.MITECO.

Os plásticos no mar degrádanse fragmentándose nos microplásticos.

Cal é o impacto dos microplásticos?

Inxesta por especies mariñas, transferencia trófica, bioacumulación, liberación de contaminantes químicos ao medio mariño, degradación de hábitats mariños.

Cales son as medidas para evitar/diminuír o lixo no mar?

Prevención de fontes marítimas, terrestres, retirada de lixo mariño, sensibilización e concienciación da cidadanía.



Sabes canto tarda en desaparecer o lixo no mar?



Dos 8 millóns de toneladas de plásticos que entran ao mar cada ano, unha grande cantidade son de artes de pesca

27% do lixo mariño proven de artes de pesca

20% das artes de pesca da UE pérdense ou desbótanse no mar. En todo o mundo iso son 640. 000 toneladas cada ano

Só o 1,5% dos equipos de pesca desgastados son reciclados

Como chegan ao mar?
 Abrasión (rotos en anacos pérdense na auga)
 Abandono voluntario
 Accidentes